



Referencia:	<b>2022/12983L</b>
Procedemento: :	<b>Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del Consorcio CIS</b>
Interesado:	
Representante:	
<b>INTERVENCIÓN (4855)</b>	

## **Asunto: Aprobación do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2023**

Mónica Legaspi Díaz, Interventora Xeral da Deputación Provincial de Ourense e interventora do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, en relación co proxecto de orzamento da entidade para o exercicio 2023 e ao amparo do disposto no art. 168.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, ten a ben emitir o seguinte informe:

### **Antecedentes:**

- Tramitación do expediente de aprobación do orzamento para o ano 2023 polo Pleno.
- Tal e como se desprende do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, mais concretamente no seu Título VI, Capítulo I, Sección 1ª, artigos 162-171, as Entidades Locais elaborarán anualmente un orzamento Xeral.
- Ao abeiro do disposto no artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, " sobre a base dos orzamentos e estados de previsión, o Presidente da Entidade Local formará o Orzamento Xeral e o remitirá, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria..... ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución".

### **Normativa Aplicable:**

- Artigos 162 a 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL, en adiante).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBL, en adiante), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Art. 2 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do Título VI do TRLRFL, en materia orzamentaria.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, Xeral de Subvencións de Galicia.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade financeira.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, de réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, réxime xurídico funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

De conformidade co establecido na normativa indicada, emite informe sobre o proxecto de orzamento xeral ordinario para 2023, formado polo Sr. Presidente do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/90.

## INFORMA

1º.- O expediente sometido ao preceptivo informe da Intervención consta dos seguintes documentos:

1. *Estado de Ingresos e Gastos.*
2. *Bases de execución do orzamento.*
3. *Memoria* explicativa do seu contido subscriba polo Presidente do Pleno do consorcio.
4. *Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente*, referida, polo menos a seis meses do mesmo, subscritas ámbalas dúas pola Interventora e confeccionadas segundo o disposto na Instrución de Contabilidade. A lei esixe a introdución desta documentación nos orzamentos para dispor de referencias do exercicio anterior e da marcha do corrente e así contrastalas coas previsións que se fan para o ano seguinte.
5. *Anexo de persoal* do Consorcio.
6. *Anexo das investimentos a realizar no exercicio.*



7. *Informe Económico-financieiro*, no que se expoñan as bases empregadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.
8. *Informe de estabilidade orzamentaria*.

Por conseguinte obran no expediente tódolos documentos obrigatorios que esixen os artigos 168.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Polo que respecta á **Estrutura Orzamentaria dos estados de ingresos e gastos** plasmada no Proxecto de Orzamento sometido a informe, a mesma adecúase ao previsto na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, dando deste xeito cumprimentado ao regulado no artigo 167 do TRLFL, que se resume do seguinte xeito:

- No que atinxe ao *Estado de Gasto* os créditos clasifícanse obrigatoriamente por programas e por categorías económicas sendo optativa a clasificación orgánica, que non foi empregada na elaboración do Proxecto do Orzamento para o exercicio 2023. A "aplicación orzamentaria" ven determinada pola conxunción da clasificación por programas é a económica ao nivel de grupo de programa e partida, respectivamente.
- En relación ao *Estado de Ingresos* a clasificación ven determinada a nivel de subconcepto, sendo o maior nivel de desagregación posible.

**2º.- Os estados de gastos e ingresos do orzamento para o exercicio 2023 ascenden a 4.378.100,00 euros respectivamente.**

O orzamento presentado polo Sr. Presidente está formalmente equilibrado e cumpre co preceptuado no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 16.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, "cada un dos orzamentos que se integran no orzamento Xeral debera aprobarse sen déficit inicial".

**3º.-** Unha análise máis polo miúdo dos capítulos de gasto do orzamento:

**A) Gastos de persoal.**

1.a) Persoal laboral

O capítulo 1 de gastos engloba os créditos necesarios destinados para as retribucións do persoal necesario para poder desenvolver as actividades propias do consorcio e os gastos de Seguridade Social a cargo da empresa dos mesmos.



Este persoal inclúe unha vacante ao posto de o Director Técnico (Vicexerente), un Xerente , un administrativo informático, unha persoa para as tarefas de limpeza e a dun cargo electo do pleno do Consorcio (vogal).

Estímase unha subida dun 3% de incremento salarial para o 2023.

## **B) Compra de bens correntes e servizos.-**

O capítulo II do orzamento de gastos contén os créditos necesarios para facer fronte as infraestruturas, maquinaria, instalacións técnicas e utensilios, mobiliario, seguros, comunicacións, gastos xurídicos e contenciosos, para estudos e traballos técnicos e demais gastos correntes da entidade.

Debido as flutuacións de prezos non predicibles que se están a producir en todos os produtos, aplícase unha subida neste capítulo esperando que as que as cantidades previstas nestes orzamentos sexan suficientes para cubrir cos gastos necesarios do servizo.

**4º.-** Os ingresos correntes orzamentarios, tal e como se especifica no correspondente informe Económico-financeiro subscrito pola presidencia, considéranse calculados segundo o exposto nos estatutos propios do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento.

**5º.-** As bases de execución do orzamento regulan axeitadamente a xestión orzamentaria e contable, contendo tódalas disposicións a que fan referencia os artigos 165.1 da Lei de Facendas Locais e o artigo 9.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

**6º.-** O anexo dos investimentos son os previstos pola Xerencia do Consorcio para o exercicio 2023. Neste exercicio prevense un descenso considerable con respecto ao exercicio anterior, motivado principalmente polo aumento considerable tanto de combustible como o da enerxía e que afecta indirectamente ao resto dos gastos en bens correntes e nos servizos.

**7º.-** Procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento.

Son os artigos 168 e seguintes do TRLRFL, en concordancia cos artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, os que conteñen as prescricións reitoras do aspecto procedemental.

O procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento pode resumirse, a grandes trazos, do seguinte xeito:



- a) Aprobación inicial polo Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento e polo Pleno da Entidade da que depende, a Deputación Provincial de Ourense.
- b) Exposición pública nos BOP e taboleiro de Edictos por un prazo de quince días hábiles. De non existir reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado. Se existen reclamacións, o expediente debe volver ao Pleno, que resolverá sobre as mesmas nun prazo máximo dun mes.
- c) A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno realizarase antes do 31 de decembro do ano anterior o do exercicio no que deba aplicarse.
- d) Aprobado definitivamente o Orzamento, ensartarase no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos .
- e) Do Orzamento debidamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e da CCAA. Farase simultaneamente a remisión ao boletín oficial.
- f) Non entrará en vigor ata transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85.
- g) Se ao iniciarse o exercicio económico non entrara en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do ano anterior, co seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se fagan conforme o exposto nos artigos 177,178 e 179 da Lei Reguladora de Facendas locais e ata a entrada en vigor do novo orzamento.
- h) A copia do orzamento xunto coas súas modificacións, deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

## **Conclusión**

**Primeira:** O Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, inclúe a documentación esixida polo TRLRFL .



**Segunda:** Os Estados de Ingresos e Gastos do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, confeccionouse sen déficit inicial cumpríndose, desde xeito, os principios de nivelación orzamentaria interna e non afectación, xa que os ingresos correntes son suficientes aos gastos correntes.

**Terceira:** O Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, para o exercicio 2023, dende o punto de vista económico financeiro, foi elaborado con observancia dos preceptos legais e a súa estrutura orzamentaria é que establece a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutro mellor fundando co dereito e de que o órgano competente decida o que se estime máis convinte para os intereses xerais.

En Ourense, na data da sinatura electrónica